



Guía Docente				
Datos Identificativos				2019/20
Asignatura (*)	Enfermaría Xerontolóxica		Código	750G01020
Titulación	Grao en Enfermaría			
Descriptores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Grao	1º cuatrimestre	Terceiro	Obrigatoria	6
Idioma	CastelánGalego			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento	Ciencias da Saúde			
Coordinación	Garcia Martinez, Carmen Maria	Correo electrónico	maria.garciam@udc.es	
Profesorado	Garcia Martinez, Carmen Maria	Correo electrónico	maria.garciam@udc.es	
Web	moodle.udc.es			
Descripción xeral	A Materia de Enfermaría Xerontolóxica ten como meta que o estudiante adquira coñecementos, habilidades e actitudes sobre a problemática bio-psico-social do anciano, o que o capacitará para dar cuidados integrais de fomento da saúde, prevención da enfermedad, recuperación e rehabilitación física e social, así como o coñecemento das causas e das consecuencias do envellecemento individual e poboacional.			

Competencias / Resultados do título	
Código	Competencias / Resultados do título
A49	Comprender os cambios asociados ao proceso de envellecer e a súa repercusión na saúde.
A50	Identificar as modificacións estruturais, funcionais, psicolóxicas e de formas de vida asociadas ao proceso de envellecer.
A51	Coñecer os problemas de saúde más frecuentes nas persoas maiores.
A52	Seleccionar as intervencións coidadoras dirixidas a tratar ou a previr os problemas de saúde e a súa adaptación á vida diaria mediante recursos de proximidade e apoio á persoa anciana.
B1	Aprender a aprender.
B2	Resolver problemas de forma efectiva.
B3	Aplicar un pensamento crítico, lóxico e creativo.
B8	Capacidade de análise e sínteses.
B9	Capacidade de aplicar os coñecementos na práctica.
B13	Toma de decisións.
C4	Desenvolverse para o exercicio dunha cidadanía aberta, culta, crítica, comprometida, democrática e solidaria, capaz de analizar a realidade, diagnosticar problemas, formular e implantar solucións baseadas no coñecemento e orientadas ao ben común.
C10	CB2 Que os estudiantes saibam aplicar os seus coñecementos a seu traballo ou vocación de unha forma profesional y posúan as competencias que solem demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudio.
C11	CB3 Que os estudiantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudio) para emitir xuízos que inclúan una reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética.
C12	CB4 Que os estudiantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solucións a un público tanto especializado como non especializado

Resultados da aprendizaxe			
Resultados de aprendizaxe			Competencias / Resultados do título
Describir e utilizar conceptos relevantes sobre os procesos de envellecemento individual e colectivo tendo en conta a sua evolución e variabilidade dende unha perspectiva histórica, antropolóxica e social.		A49 B1 B2 B8	C4 C12



Elexir e aplicar adecuadamente instrumentos de valoración e escalas específicas para o ancán eo seu cuidador/a, demostrando capacidade e habilidade para realizar a valoración integral do paciente ancán utilizando referentes teóricos e evidencias científicas	A49 A50 A51 A52 B2 B3 B8 B9 C11 B13
Analizar e discutir as diferenzas entre os cambios normais asociadas ao envellecemento de aqueles que son consecuencia dos procesos patolóxicos, relacionando estes cambios ca satisfacción das necesidades básicas.	A49 A50 A51 A52 B1 B2 B3 B8 C4 C10 B9 B13
Identificar os procesos de alteración da saúde mais prevalentes nas persoas maiores no medio comunitario e hospitalario, planificando e prestando coidados de enfermaría a través dun modelo enfermeiro e un proceso de intervención baseado na linguaxe estandarizada (NANDA, NIC, NOC)	A49 A50 A51 A52 B1 B2 B3 B8 C4 C11 B9 B13
Describir e analizar os distintos niveis e servizos asistenciais sanitarios e sociais identificando os recursos sociais existentes na comunidade e describindo como han de usarse tendo en conta ás necesidades das persoas maiores	A49 A52 B1 B2 B3 B9 C4 C10 C11 C12 B13
Promover estilos de vida saudable e auto-coidado, apoiando o mantemento de comportamentos preventivos e terapéuticos que promovan a independencia, na satisfacción das necesidades básicas humanas e melloren a calidade de vida na vellez, describindo o medio ambiente axeitado para o benestar e protección dos maiores	A49 A50 A51 A52 B1 B2 B3 B8 C4 C10 C12 B13

Contidos	
Temas	Subtemas
Unidade Didactical: Conceptos e Xeneralidades relacionados ca vellez	Tema 1. Conceptos Xerais Tema 2. Proceso de Envellecemento e Teorías Tema 3. Demografía da ancianidade
Unidade Didactica II: Aspectos sociais, antropolóxicos e económicos do envellecemento	Tema 4. Socioloxía da ancianidade Tema 5. Aspectos Económicos da vellez Tema 6. Entorno arquitectónico na calidade de vida das persoas maiores
Unidade Didactica III: A persoa maior san. Necesidades Básicas humanas asociadas ao proceso do envellecemento.	Tema 7. Concepto de anciano san e anciano fráxil Tema 8. Valoración de enfermería a persoa maior Tema 9. Necesidade de osixenación Tema 10. Necesidade de alimentación Tema 11. Necesidade de eliminación Tema 12. Necesidade de movemento Tema 13. Necesidade de descanso e soño Tema 14. Necesidade de manter a temperatura corporal Tema 15. Necesidade de Comunicarse e de expresión sexual.



Unidade Didactica IV: A persoa maior enferma. Características das enfermidades no ancián. Procesos patolóxicos mais frecuentes	Tema 16. Características das enfermidades do ancián Tema 17. Terapéutica no ancián Tema 18. ACV Tema 19. Parkinsón Tema 20. As Demencias
Unidade didactica V: A atención sociosanitaria en España	Tema 21: Recursos formais e informais no coidado da persoa anciá con problemas de saúde y/o dependencia

Planificación

Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Sesión maxistral	A49 A50 A51 A52 A50 A51 A52 B1 C4	26	26	52
Estudo de casos	A50 A51 A52 A49 B2 B3 B8 B13 B1 B9 C11 C12 C10	14	21	35
Traballos tutelados	A50 A51 A52 A49 B1 B3 B8 B13 C4 C10 C11 C12	1	10	11
Proba mixta	A49 A50 A51 A52 B8 B9 B13 B2 B3 B8 C10	2	28	30
Análise de fontes documentais	A49 A50 A51 A52 B1 B3 B8 B9 C4	2	5	7
Aprendizaxe servizo	A49 A50 A51 A52 A49 B1 B2 B13 C4 C10 C11 C12	1	10	11
Actividades iniciais	C4	2	0	2
Atención personalizada		2	0	2

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías

Metodoloxías	Descripción
Sesión maxistral	Exposición oral complementada co uso de medios audiovisuais e a introdución de algunas preguntas dirixidas aos estudiantes, coa finalidade de transmitir coñecementos e facilitar a aprendizaxe. A clase maxistral é tamén coñecida como ?conferencia?, ?método expositivo? ou ?lección maxistral?. Esta última modalidade sóese reservar a un tipo especial de lección impartida por un profesor en ocasións especiais, cun contido que supón unha elaboración orixinal e baseada no uso case exclusivo da palabra como vía de transmisión da información á audiencia.
Estudo de casos	Metodoloxía onde o suxeito se confronta ante a descripción dunha situación específica que suscita un problema que ten que ser comprendido, valorado e resolto por un grupo de persoas, a través dun proceso de discusión. O alumno sitúase ante un problema concreto (caso), que lle describe unha situación real da vida profesional, e debe ser capaz de analizar unha serie de feitos, referentes a un campo particular do coñecemento ou da acción, para chegar a unha decisión razoada a través dun proceso de discusión en pequenos grupos de traballo.
Traballos tutelados	Metodoloxía deseñada para promover a aprendizaxe autónoma dos estudiantes, baixo a tutela do profesor e en escenarios variados (académicos e profesionais). Está referida prioritariamente ao aprendizaxe do ?cómo facer as cousas?. Constitúe unha opción baseada na asunción polos estudiantes da responsabilidade pola súa propia aprendizaxe. Este sistema de ensino baséase en dous elementos básicos: a aprendizaxe independente dos estudiantes e o seguimento desa aprendizaxe polo profesor-tutor.



Proba mixta	Proba que integra preguntas tipo de probas de ensaio e preguntas tipo de probas obxectivas. En tanto a preguntas de ensaio, recolle preguntas abertas de desenvolvemento. Ademais, en tanto preguntas obxectivas, pode combinar preguntas de resposta múltiple, de ordenación, de respuesta breve, de discriminación, de completar e/ou de asociación.
Análise de fontes documentais	Técnica metodolóxica que supón a utilización de documentos audiovisuais e/ou bibliográficos (fragmentos de reportaxes documentais ou películas, noticias de actualidade, paneis gráficos, fotografías, biografías, artigos, textos lexislativos, etc.) relevantes para a temática da materia con actividades específicamente deseñadas para a análise dos mismos. Pódese emplegar como introducción xeral a un tema, como instrumento de aplicación do estudo de casos, para a explicación de procesos que non se poden observar directamente, para a presentación de situacións complexas ou como síntese de contidos de carácter teórico ou práctico.
Aprendizaxe servizo	?El Aprendizaje Servicio es una propuesta educativa que combina procesos de aprendizaje y de servicio a la Comunidad en un único proyecto bien articulado en el que los participantes aprenden a la vez que trabajan en necesidades reales del entorno con la finalidad de mejorarlo? Begoña Martínez, Isabel Martínez, Israel Alonso y Monike Gezuraga TENDENCIAS PEDAGÓGICAS Nº 21 2013 102
Actividades iniciais	Actividades que se llevan a cabo antes de iniciar calquera proceso de ensino-aprendizaxe a fin de coñecer as competencias, intereses e/ou motivacións que posúe o alumnado para o logro dos obxectivos que se queren alcanzar, vinculados a un programa formativo. Con ela preténdese obter información relevante que permita articular a docencia para favorecer aprendizaxes eficaces e significativos, que partan dos saberes previos do alumnado.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descripción
Proba mixta	A atención personalizada relacionada cos traballos ten como finalidade orientar os estudiantes na realización dos traballos. O seguimento farase de forma individual ou en pequenos grupos, ben de maneira presencial ou a través do correo electrónico.
Traballos tutelados	A atención personalizada relacionada coa proba mixta ten como finalidade atender as consultas do alumnado relacionadas co estudio e/ou temas vinculados coa materia. Farase de forma individualizada, ben de maneira presencial ou a través do correo electrónico.
Aprendizaxe servizo	A atención personalizada relacionada co Aprendizaxe servizo ten como finalidade orientar os estudiantes na realización do Servicio. O seguimento farase de forma individual ou en pequenos grupos, ben de manera presencial ou a través do correo electrónico

Avaliación

Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descripción	Cualificación
Proba mixta	A49 A50 A51 A52 B8 B9 B13 B2 B3 B8 C10	Proba escrita con pregunta curta, tipo test e a resolución de casos prácticos para avaliar, fundamentalmente, a aprendizaxe das competencias. Sendo condición indispensable para superar a materia haber superado o examen con nota igual o superior a un 5 sobre 10. Esta proba suporá o 70% da cualificación final.	70
Traballos tutelados	A50 A51 A52 A49 B1 B3 B8 B13 C4 C10 C11 C12	A realización dos traballos tutelados será obligatoria. Puntuará sobre un mínimo de 0 e un máximo de 10. Suporá o 20% da cualificación final. Para a avaliação dos traballos seguiranse criterios de calidad sobre: presentación, estrutura, contidos, bibliografía e exposición oral, de se realizar.	20



Estudo de casos	A50 A51 A52 A49 B2 B3 B8 B13 B1 B9 C11 C12 C10	A asistencia e participación activa na aula a través dos grupos de traballo, onde se avaliará a adquisición de competencias, suporá o 10% da cualificación final. A avaliação farase tendo en conta, fundamentalmente, os seguintes aspectos: valoración, diagnósticos e planificación de resultados e intervencións de enfermaría. A asistencia a os grupos de traballo será obligatoria.	10
-----------------	--	--	----

Observacións avaliación

Os criterios de avaliação da segunda oportunidade (xullo) serán os mesmos cos da primeira oportunidade (febreiro). As probas superadas na primeira oportunidade (febreiro) conservaranse só para a segunda oportunidade (xullo). Os estudiantes con matrícula a tempo parcial e os que soliciten adianto de oportunidade, acolleranse á modalidade de exame de proba mixta que constará de preguntas curtas e estudos de casos, e suporá o 100% da nota. Os estudiantes que opten a matrícula de honra deberán ter unha cualificación superior a 9 na proba mixta e ter superadas o resto de metodoloxías coa nota máxima. Os estudiantes que non presenten os estudos de casos e/ou traballo tutelado, obteran un no presentado, áñada que realicen a proba mixta. A expulsión dunha proba de avaliação implicará a cualificación de suspenso (nota numérica de 0) na convocatoria da materia. A entrega dos traballos tutelados, farase en papel:- Non se empregarán plásticos - Realizaranse impresións a dobre cara - Empregarase papel reciclado - Evitarse a impresión de borradores Na realización dos traballos tutelados, o plaxio e a utilización de material non orixinal, incluído aquel obtido a través de Internet, sen indicación expresa da sua procedencia e, se é o caso, o permiso do seu autor/a, poderá ser considerada causa de cualificación de suspenso na actividade.

Fontes de información

Bibliografía básica	- Nursing. Edición española () . - Luis Rodrigo MT. (2013). Los Diagnósticos Enfermeros. Revisión crítica y guía práctica. 8ª ed. Barcelona: Masson; - Millán Calenti J C (2006). Principios de Geriatría y Gerontología. Madrid: McGraw- Hill. Interamericana - García López MV, Rodríguez Ponce C, Toronjo Gómez AM (2008). Enfermería del anciano.2ª ed. Madrid: DAE - Enfermería Clínica () . - Guillén Llera F, Pérez del Molino Martín J, Petidier Torregrosa R. (2008). Síndromes y cuidados en el paciente geriátrico. 2ª ed. Barcelona: Elsevier Masson; - García M, Torres P, Ballesteros E (2006 reim). Enfermería Geriátrica. 2ª ed. Barcelona: Masson - Gerokomos () . - Pérez Melero A (2008.reim). Guía de cuidados de personas mayores. Madrid: Síntesis - Quintanilla Martínez M (2006). Cuidados integrales de Enfermería Gerontogeriatricos Vol 1. 2da ed. amp y rev. Barcelona: Monsa Ediciones - Quintanilla Martínez M. (2006). Cuidados integrales de Enfermería Gerontogeriatricos. Vol 2. 2da ed. amp y rev. Barcelona: Monsa Ediciones - Cobo Domingo JC (2008). Geriatría y Gerontología. Atención Integral al anciano. Logoss - Heather Herdman T; Kamitsuru S. (2015). Diagnósticos Enfermeros: Definiciones y Clasificación 2015-2017. Barcelona: Elsevier España S. L - Revista Española de Geriatría y Gerontología () . - Salgado Alba A, Guillén LLera F, Ruipérez Cantera I (2002). Manual de Geriatría. 3ª ed.. Barcelona: Masson - García Hernández M, Medina Aragón F J, Gallo Estrada J. (2011). Atención enfermera en los grandes síndromes geriátricos. Madrid: Fuden - Millán Calenti (2011). Gerontología y Geriatría. Valoración e intervención. Madrid:Médica Panamericana - () . - editores, Howard K. Butcher, ...[et al.] (2019). Clasificación de intervenciones de enfermería (NIC). Barcelona : Elsevier, [2019] Edición 7ª ed - MOORHEAD S, JOHNSON M, MAAS ML, SWANSON E (2014). Clasificación de resultados de enfermería (NOC) : medición de resultados en salud. Madrid : Elsevier, [2014] Edición 5ª ed
Bibliografía complementaria	



Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Anatomía/750G01001
Psicoloxía/750G01003
Fundamentos da Enfermaría/750G01007
Nutrición/750G01009
Farmacoloxía/750G01011
Ética profesional, marco legal e filosofía do coidado/750G01016
Estancias Clínicas I/750G01025
Estancias Clínicas II/750G01026
Enfermaría Clínica I/750G01034
Enfermaría Clínica II/750G01035
Fisioloxía/750G01105

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Enfermaría clínica III/750G01017
Enfermaría Comunitaria II/750G01019
Estadías Clínicas III/750G01027

Materias que continúan o temario

Observacións

Esta materia ten en conta as recomendacións de SOSTENIBILIDADE MEDIO AMBIENTE, PERSOA E IGUALDADE DE XENERO:- A entrega dos traballos documentais que se realicen nesta materia, realizarase a través de Moodle, en formato dixital sen necesidade de imprimilos.- Teranse en conta os principios éticos relacionados cos valores da sustentabilidade nos comportamentos persoais e profesionais.- Atendendo ás distintas normativas de aplicación para a docencia universitaria, nesta materia terase en conta a perspectiva de xénero velando pola non utilización dunha linguaxe sexista na aula, nos documentos desenvolvidos na materia e nas actividades clínicas realizadas co alumnado.- Traballarase para identificar e modificar prexuízos e actitudes sexistas dentro da aula ou no contexto clínico, influíndo na contorna para modificalos e fomentar valores de respecto e igualdade.- Prestará especial atención en detectar situacións de discriminación por razón de xénero e proporánse accións e medidas para corrixilas.- Facilitarase a plena integración do alumnado que por razón físicas, sensoriais, psíquicas ou socioculturais, experimenten dificultades a un acceso idóneo, igualitario e proveitoso á vida universitaria.A entrega dos traballos tutelados, farase en papel:- Non se empregarán plásticos- Realizaranse impresións a dobre cara- Empregarase papel reciclado- Evitarse a impresión de borradoresNa realización dos traballos tutelados, o plaxio e a utilización de material non orixinal, incluido aquel obtido a través de Internet, sen indicación expresa da sua procedencia e, se é o caso, o permiso do seu autor/a, poderá ser considerada causa de cualificación de suspenso na actividade.

(*)A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías